

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE BOLSAS SANTANDER AXUDA ECONÓMICA PARA PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL 2025

1. OBXECTO DAS BOLSAS

A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander convocan doce (12) bolsas do Programa de Bolsas Santander Axuda Económica para Persoal Investigador Predoutoral 2025 (en diante “Programa”) para promover e fomentar a calidade da educación superior e a actividade investigadora do persoal investigador predoutoral en formación que estea matriculado ou con relación laboral, académica ou investigadora coa UDC.

O obxectivo do Programa é apoiar ao persoal investigador predoutoral en formación promovendo o desenvolvemento de doutores mediante axudas á formación, á mobilidade, complemento a contratos predoutorais, a premios de investigación, axudas para a publicación da tese ou en revistas de alto impacto ou outros gastos derivados do seu labor investigador, ou par (en diante, a/s “Bolsa/s”).

2. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGO

1. Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de 24.000€, financiadas por Banco Santander dentro do convenio xeral entre o Banco e a Universidade da Coruña. Partida orzamentaria de gasto: 0599250005 541A 48000.

2. A contía bruta de cada bolsa será de 2.000€.

3. O pago efectuarase mediante transferencia á conta do Banco Santander indicada polo/o investigador/a predoutoral, da cal deberá ser titular, seguindo as indicacións que consten na resolución definitiva da convocatoria.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa a persoa que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado ou admitido no curso 2025/26 nun programa de doutoramento na Universidade da Coruña (UDC). As persoas que resulten beneficiarias dunha axuda deberán estar matriculadas e ao corrente do pago dos prezos públicos para poder gozar a axuda.
- b) Para as persoas matriculadas no curso 2024/25 ou anteriores, ter aprobadas pola CAPD as avaliacións anuais.
- c) Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea. No entanto, as persoas non comunitarias poderán ser candidatas á axuda, sendo o número máximo de axudas que se poden conceder a cidadáns non comunitarios dunha (1).
- d) Non gozar desta axuda en convocatorias anteriores.

- e) Estar inscrito previamente no Programa de Bolsas Santander INVESTIGACIÓN Axuda Económica para Persoal Investigador Predoutoral 2025, a través da plataforma habilitada ao efecto:

<https://app.santanderopenacademy.com/é/program/search?category=RESEARCH>

Non poderán solicitar esta axuda as persoas que teñan vinculación contractual ou estatutaria con outra universidade, institución ou centro de investigación externo á UDC.

Reservarase un 5% das axudas (1) para persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%, acreditada mediante a resolución expresa sobre o recoñecemento do grao de discapacidade, emitida pola Xunta de Galicia segundo o artigo 10 do Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, ou pola Seguridade Social segundo os artigos 1, 2 e 4 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, e o Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro. Se esta última cota non fose cuberta, sumarase ás restantes axudas.

4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

As bolsas adxudicaranse de acordo co expediente académico das persoas solicitantes, aproximado con catro decimais, de acordo cos seguintes criterios.

- Expediente académico de licenciatura/grao de 300 ou máis créditos: até 3 puntos. Cálculo: $\text{nota media} \times 0.3$
- Grao de 240 créditos: até 2 puntos. Cálculo: $\text{nota media} \times 0.2$
- Mestrado: até 1 punto. Cálculo: $\text{nota media} \times 0.1$

En caso de presentar unha licenciatura dun mínimo de 300 créditos xunto cun mestrado, aplicarase a valoración máis alta entre as seguintes dúas opcións:

- i. Só licenciatura: valorarase sobre 3 puntos.
- ii. Licenciatura + mestrado (valorarase a licenciatura sobre 2 puntos e o mestrado sobre 1 punto).

A media do expediente do/a estudante comparase coa media da titulación:

- Se a media do expediente de licenciatura/grao está por encima da media da promoción, súmase 0.2
- Se a media do expediente de mestrado está por encima da media da promoción, súmase 0.1

Valoraranse os premios extraordinarios:

- Premio extraordinario de licenciatura/grao: + 0.2
- Premio extraordinario de mestrado: + 0.1

A Comisión de Selección poderá aplicar criterios adicionais para avaliar e seleccionar as solicitudes en caso de empate, aplicando outros criterios como o menor número de suspensos ou o maior número de matrículas de honra, entre outros, así como axustar o resultado co fin de garantir que haxa polo menos 2 axudas por ámbito científico: Arte e

Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

As persoas que reúnan os requisitos esixidos nesta convocatoria, deberán enviar a solicitude (anexo I) e a documentación correspondente polos seguintes medios:

- Rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register
- Rexistro Xeral da UDC. Rectoría. A Maestranza, 150001, A Coruña.
- Oficina de Doutoramento, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol, Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa, Avenida de Vigo, s/n, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Se a solicitude se presenta nalgunha das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberase enviar unha copia desta solicitude xunto coa da documentación ao correo electrónico oficina.doutoramento@udc.es.

En cumprimento do disposto na Normativa xeral relativa á protección de datos na Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno de 23/07/2019), “a conta de correo institucional é a dirección oficial que se usará para notificacións por correo electrónico” (punto 14.4 Sobre o uso do correo electrónico e de ferramentas informáticas). En consecuencia, calquera comunicación a través do correo electrónico que fagan as persoas solicitantes destas axudas deberase realizar sempre a través do seu correo electrónico da UDC.

A **documentación** que deben entregar as persoas solicitantes é:

1. Para as persoas que se matriculen por primeira vez nun programa de doutoramento no curso 2025/26, documento que acredite a admisión no programa de doutoramento. Para as persoas matriculadas no curso 2024/25 ou anteriores, aprobación pola CAPD das avaliacións anuais.

En caso de concesión da axuda, previa ao ingreso da axuda débese achegar certificado de pago da matrícula e estar á corrente do pago dos prezos públicos.

2. Certificación académica de estudos de 1º, 2º e 3º ciclo, grao e mestrado en que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias consumidas en cada materia, a nota media do expediente e a nota media da promoción. Se os estudos se realizaron no sistema universitario galego, calcularanse estas medias segundo o Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos (Resolución de 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria). Os estudos realizados na UDC poderanse acreditar coa copia do expediente académico.

No caso de estudos realizados noutras universidades españolas, estas medias calcularanse segundo a normativa reguladora da nota media do Ministerio de Educación. Para os estudos validados, deberase presentar unha certificación

académica de idénticas características para os estudos de orixe. Non son válidas as copias extractadas do expediente académico.

As persoas que accedesen ao 2º ciclo dunha licenciatura a través dun curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou realizar o 1º ciclo dunha titulación que permitise o acceso ao 2º ciclo, para os efectos de determinar a media do expediente académico, deberán acompañar, ademais da certificación do curso de adaptación e a do 2º ciclo, o referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

No caso de estudos realizados no estranxeiro, o certificado do expediente académico ou outro acompañando a este recollerá as cualificacións máxima e mínima dentro do sistema de avaliación correspondente; da mesma maneira, farase constar a cualificación mínima necesaria para aprobar; ademais, deberá anexarse a equivalencia da cualificación media obtida a través dunha solicitude ao Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (máis información en https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Homologaciones_InfoGen_eral).

3. Currículo, preferentemente nun formato oficial (CVN, CNEAI, MINECO, ACSUG).
4. Para os solicitantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, copia do documento acreditativo da condición de discapacidade.

O **prazo de presentación** das solicitudes e a documentación asociada será desde a publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) até as 23:00 horas do día **15 de outubro de 2025**.

O non axustarse á convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de desestimación da solicitude.

6. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGACIÓNS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

A percepción da bolsa obxecto do Programa será compatible coa de calquera outro tipo de axuda de carácter asistencial á que poida acceder o/a estudante predoutoral solicitante que sexa de natureza distinta, calquera que fóra a súa orixe, pública ou privada.

A persoa beneficiaria da bolsa debe manter a matrícula durante todo o curso académico 2025/26. En caso contrario, terá que devolver o importe da bolsa. A UDC será a encargada de adxudicar esta bolsa á seguinte persoa beneficiaria que cumpra cos requisitos necesarios para a súa obtención en idénticas condicións.

7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará formada polas seguintes persoas, que recibirá a baremación e documentación das solicitudes, necesaria para a selección, da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC):

- Presidente: persoa que exerza a dirección da EIDUDC.
- Secretario/a: Marta Gómez, secretaria administrativa da Oficina de Doutoramento da EIDUDC.
- Vogal 1: persoa que exerza a subdirección da EIDUDC
- Vogal 2: un representante do alumnado do Comité de Dirección da EIDUDC.
- Vogal 3: outro representante do alumnado do Comité de Dirección da EIDUDC.

A Comisión de Selección está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria. A proposta de selección deberá ser aprobada pola Comisión de Investigación, dependente da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez que finalice o proceso de avaliación das solicitudes, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a lista provisional de persoas con bolsa concedida e denegada, neste último caso a mención da causa de denegación, e a lista de agarda para o suposto de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións e/ou a documentación necesaria para corrixir erros no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO.

Unha vez revisadas as alegacións e a documentación pola Comisión de Selección, publicarase unha resolución que conterá a lista definitiva de persoas beneficiarias das bolsas, coas indicacións para a súa aceptación, así como as denegadas e a lista de agarda.

No caso de se producir renuncias, os chamamentos faranse atendendo á lista de agarda.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: Rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude dunha bolsa desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RGPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que traten estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en devandito



taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para a finalidade do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recolleitos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán ser exercidos da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC <<https://sede.udc.gal>>, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben á dirección Secretaría Xeral, Reitorado da Universidade da Coruña, rúa dá Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpdc@udc.gal Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ben ao correo electrónico Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD). A política de privacidade do Banco Santander poderase consultar na seguinte dirección web: www.becas-santander.com/é/legal/privacy

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento ao que fai referencia, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

En lugar e data que se indica na firma dixital.

O Vicerreitor de Investigación e Transferencia, por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)